

sarria

Veciños quéixanse das condicións nas que se atopa o parque do Chanto. **Pax. 7**

páramo

O Concello está máis preto de contar cunha residencia e cun centro de día. **Pax. 12**

láncara

O goberno local aprobou sacar a licitación obras en diferentes vías. **Pax. 14**

paradela

Acordan destinar máis de 256.000 euros á humanización da praza pública de Pacios. **Pax. 15**

incio

Un veciño recompila imaxes das escolas rurais dos anos 50 para unha investigación. **Pax. 16**

A casa da discordia

A proposta do Anpa de Frei Luís sobre as casas dos mestres chegou ao Pleno de Sarria e foi aprobada por unanimidade



As eleccións de maio marcan a vida política

A maior parte dos partidos presentaron os candidatos a alcaldes en cada concello. **Pax. 2-3**

O colectivo traballa pola cultura da vila

Jesús David Álvarez Pena é o novo presidente da asociación sarriá Rúa da Música. **Pax. 8**

O Pleno avala o Plan Único da Deputación

Os concellos destinan 16 millóns de euros a obras, 3,7 a fomento do emprego e 3,4 ao SAF. **Pax. 19**

Feira de Antigüidades



Esta tradicional cita será o 30 de abril na rúa Porvir. **Pax. 4**

Club de lectura



A asociación cultural Val de Láncara organiza unha nova actividade. **Pax. 14**

Torneo Fútbol Sala Samos



Volve o campionato na súa XXX edición organizado polo equipo local. **Pax. 23**

SOMOS PROMOTORES

VIVIENDAS EN VENTA EN SARRIA
(Al lado del Eroski)

SOMOS PROMOTORES

PRÓXIMA PROMOCIÓN EN LUGO
(Calle Montirón)

Somos constructores
Hacemos viviendas unifamiliares llave en mano, proyectos, reformas y estructuras...

Tenemos a su disposición en **alquiler** apartamentos, en Sarria y, próximas ofertas en Ponferrada y Lugo

GRUPO VILA
FERNANDO DE CASTRO 35, BAJO SARRIA
TELF. 607371614
vila@grupovila.es

A FONDO

Como se escollen os deputados?

Nos comicios de maio votarase polo Goberno local onde está censado e o voto repercutirá na composición do organismo provincial

A provincia prepárase para celebrar de novo as eleccións municipais, uns comicios que nos ofrecerán unha renovación dos equipos de goberno á fronte das alcaldías. Pero, ademais, co seus votos, os lugueses tamén escollen a composición da Deputación Provincial, aínda que isto se fai de maneira indirecta, xa que o veciño non vota directamente a un deputado dun partido ou doutro pero si a cor política do voto implicará que o electo sexa dun partido ou doutro. Actualmente, a provincia está dividida en sete partidos xudiciais ou xuntas electorais que aportan un número de deputados diferente, xa que a poboación é tamén moi distinta. Así, o máis numeroso é o partido xudicial de Lugo, ou zona centro. O peso poboacional de Lugo lévao a capital e de aí saen 12 deputados, case a metade dos elixibles, que son 25. Ademais da capital súmanse neste grupo os votos dos concellos da contorna, parte da montaña e da comarca sarriá.

A seguinte xunta electoral por tamaño é a de Mondoñedo, onde están incluídos os concellos da Mariña. Elixe seis deputados.

Despois tres xuntas electorais contan con dous deputados cada unha. Son as de Monforte (concellos da Ribeira Sacra e o Courel), Chantada (que engloba a zona da Ulloa) e Vilalba (cos da Terra Chá).

Finalmente, queda un deputado no tinteiro, o que sae dos concellos da zona da Fonsagrada e Ancares e que moitas veces é o que marca a cor política que goberna na Deputación xa que a igualdade foi máxima nos últimos comicios no resto. O pacto entre PSOE e BNG levouse pola mínima diferenza o Goberno da Deputación no 2015 e no 2019 aínda que é o PP o que tivo o maior número de deputados nas dúas ocasións.


Unha vez constituídos todos os concellos, os escanos das deputacións



REPARTO POR CONCELLOS

- **Chantada** (2 deputados) Antas de Ulla, Carballado, Chantada, Monterroso, Paldas de Rei, Portomarín, e Taboada.
- **Fonsagrada** (1 deputado) Baleira, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Ribeira de Piquín.
- **Lugo** (12 deputados) Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, O Corgo, Friol, Guntín, O Incio, Lánchara, Lugo, Meira, As Nogais, Outeiro de Rei, Paradela, O Páramo, Pol, Pedrafita, Rábade, Samos, Sarria e Triacastela.
- **Mondoñedo** (6 deputados) Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oural, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove
- **Monforte** (2 deputados) A Pobra de Brollón, Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober.
- **Vilalba** (2 deputados) Begonte, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade.

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL



DEPUTADOS ACTUAIS

Chantada

Pilar García Porto. PSOE
Pablo José Taboada Camoira. PP

Fonsagrada

Roberto Fernández Rico. PSOE

Lugo

José Luis Raposo Magdalena. PSOE
Xosé María Arias Fernández. PSOE
Pablo Rivera Capón. PSOE
Ana González Abelleira. PSOE
Maite Ferreiro Tallón. BNG
Efrén Castro Caloto. BNG
Jesús Manuel Núñez Díaz. PP
Francisco Javier Balado Teijeiro. PP
José Pardo Lombao. PP
José Fernández Vázquez. PP
José Ángel Santos Sánchez. PP
Oscar Poy Franco. PP

Mondoñedo

Mayra García Bermúdez. PSOE
María Loureiro García. PSOE
Mónica Freire Rancaño. BNG
Javier Jorge Castiñeira. PP
José Manuel Gómez Puente. PP
Jesús Novo Martínez. PP

Monforte

José Tomé Roca. PSOE
Lola Castro Ochoa. PP

Vilalba

Roberto García Pernas. PSOE
Xosé María Teixido Núñez. PP

provinciais repártense, por cada partido xudicial, segundo a fórmula D'Hondt, entre aqueles partidos que obtiveron algún concelleiro en cada partido xudicial e segundo o número de votos conseguidos por cada un deles. Os deputados provinciais que corresponden a cada partido político son elixidos, a nivel de partido xudicial, entre e polos concelleiros de cada un deles, que pertencen aos municipios que comprende cada

zona. Tradicionalmente os deputados están divididos a partes iguais en Chantada, Monforte e Vilalba. A representación nacionalista súmase desde os partidos xudiciais máis numerosos (Lugo e Mondoñedo). Nas últimas eleccións, na de Lugo, 6 dos deputados foron do PP, 4 do PSOE e 2 do BNG. Na Mariña tamén tivo o PP 3, 2 o PSOE e 1 o BNG, polo tanto foi o voto socialista da Fonsagrada o que rompeu o empate.

Unika

TEL: 982 831 610
Síguenos: [instagram.com/unikasarria](https://www.instagram.com/unikasarria)

ESTAMOS EN PLENO CENTRO.
FRENTE AL GADIS • RUA DA LIBERDADE 24

¡CIENTOS DE ARTICULOS EN MODA, CALZADO Y COMPLEMENTOS A PRECIOS UNICOS!

cafe CUBAN bar

DESAYUNOS Y TAPAS VARIADAS

1ER PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

¡TE ESPERAMOS!
De Lunes a viernes a partir de las 7:00 h.
Sábados a partir de las 8:00 h.
Domingo cerrado por descanso

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com - Tfno.: 982 886 580

[facebook](https://www.facebook.com/cafeteriabarcubano) [instagram](https://www.instagram.com/cafeteriabarcubano)

A comarca ultima os candidatos

Desde a instauración dos primeiros concellos democráticos en 1979, levan celebrándose dez eleccións municipais e este ano nas candidaturas destaca a incorporación de xente nova e máis mulleres ao fronte.

Na ampla maioría dos concellos xa se coñecen os candidatos a optar a este posto durante os vindeiros catro anos.

Na vila de **Sarria**, o actual alcalde por Camiña Sarria, Claudio Garrido, volverá presentarse como cabeza de lista para as vindeiras eleccións. O alcalde considera que “tras o traballo realizado nun mandato moi complicado por mor da pandemia e a crise derivada da guerra en Ucraína, Camiña Sarria é a única opción política cun futuro claro, cun liderazgo sólido e con forza e credibilidade para responder ás necesidades da veciñanza”, afirmou Garrido. Efrén Castro tamén volverá facer o mesmo e encabezar a lista do



sosteenen que teñen un candidato que non poden presentar por mor de non contar cunha executiva, despois de que o ex presidente do PSOE de Sarria, José Manuel López, dimitira o pasado mes de febreiro. Por isto, aínda non se sabe con certeza quen será o elixido ou elixida como alcaldable polo PSOE.

No relativo ao PP, o Comité Executivo designou a Carmen José López Rodríguez como alcaldable polo Concello de Sarria, que aparece no panorama político por primeira vez. Asegura que lle fai “unha grande ilusión este proxecto que ten como obxectivo devolver o esplendor e o seu lugar no mundo á nosa excepcional terra”.

Un dos cambios máis significativos na comarca é o de **Samos**, pois o actual rexedor, Julio Gallego, deuse de baixa do Partido Socialista, co que gobernaba no municipio e non concorrerá ás próximas eleccións, pechando así a súa etapa longa na Alcaldía desde 2007.

Así, apoia ao seu fillo na súa candidatura polo Partido Popular de Samos, feito que provocou que os socialistas decidiran expulsalo do partido e agora figura como concelleiro non adscrito.

Con respecto ao seu fillo, o alcaldable polo PP de Samos, Miguel Galle-

go sinalou que a folla de ruta do seu proxecto é a de “traballar por aquilo que é posible facer e que xera benestar ao noso pobo”.

Por outra banda, José Antonio García Jurjo, o tenente de alcalde do Concello de Samos, será o candidato socialista á Alcaldía. Natural de Santalla de Lúzara, compaxina a súa actividade profesional como graduado social co seu posto como tenente de alcalde no Concello.

A actual voceira e concelleira do BNG en Samos, Chus López, foi a elixida por unanimidade pola asemblea local como candidata para as eleccións. “Saimos a gañar para acadar un Samos mellor, nestes anos traballamos en positivo coa presentación de iniciativas para mellorar a calidade de vida da veciñanza, mais agora é o momento de continuar con ese traballo”.

No Concello do **Incio**, Héctor Corujo repetirá como alcaldable polo Partido Popular nas seguintes eleccións municipais despois de asumir o rol de rexedor durante unha lexislatura, desde o 2019 ata o 2023, a súa primeira vez.

Laura Celeiro volverá a presentarse como candidata dos socialistas polo Concello do Incio, onde xa foi alcaldesa desde 2011 ata 2019, ano no que só cinco votos a distanciaron do

seu contrincante, Corujo.

Xa en **Láncara**, Darío Piñeiro será o alcaldable polo PSOE despois de que os socialistas do municipio decidiran por unanimidade elixir ao actual alcalde do concello como o seu candidato.

O rexedor aspira a ampliar a maioría acadada hai catro anos, contando “cun equipo consolidado e con experiencia de xestión”, que reforzará a súa candidatura. Piñeiro, ademais, presumiu nas súas redes sociais sobre a fichaxe de Alba Sangil para o PSOE do municipio, “que conta con fondas raíces políticas”, como explicou, xa que é neta de José Sangil, alcalde de Láncara entre 1979 y 1983. Pola súa banda, Iago Bande Cortizo foi elixido pola asemblea local do BNG de Láncara como candidato, de novo, á Alcaldía. Bande asume o reto “para que Láncara avance, desde a transparencia, a participación veciñal, a boa xestión e as ideas claras nun proxecto que emocione á veciñanza”, defendeu.

Con respecto ao Partido Popular, Olga Capón será a candidata que porá o foco “na escoita activa, no contacto directo coa veciñanza e no fomento da participación para dar aos cidadáns os servizos sociais e as infraestruturas”, precisou.

No relativo ao **Páramo**, José Luis López, actual alcalde do municipio co partido político de Todo polo Páramo, e que conseguiu ser alcalde gracias ao apoio do seu grupo e do concelleiro do PSOE Pablo Armesto, intégrase para estas eleccións no Partido Popular.

Pola banda do Partido Socialista, Pablo Armesto deixa a política despois de moitos anos “apostando pola cultura do Páramo, algo que non vou deixar de facer” e será José Manuel Gayoso o que se lidere a lista dos socialistas como candidato ao Concello do Páramo.



Tamén, Gumersindo Rodríguez Liz, exalcalde do Páramo, preséntase polo partido político Alternativa Veciñal polo Páramo.

Con respecto a **Triacastela**, a actual alcaldesa Olga Iglesias, que governa baixo as siglas do PP, é tamén a candidata dos populares ás vindeiras eleccións, renovando o seu cargo por outros catro anos. “Hai que vivir con ganas, ilusión e vocación porque queremos seguir traballando no pobo”, defende a candidata.

No caso dos socialistas, estes concorrirán ás eleccións con Miguel Ángel Fernández como cabeza de lista para intentar conseguir a Alcaldía triacastelá.

Por último, no municipio de **Paradela**, o actual alcalde, José Manuel Mato, presentarase ás eleccións para volver representar ao PP no municipio. Se sae elixido, cumprirá o seu duodécimo mandato como alcalde, xa que leva desde o ano 1979 ao fronte da localidade. O popular José Manuel Mato é unha das figuras máis representativas do Partido Popular en Lugo, xa que leva varias maiorías absolutas nas diversas eleccións ás que se enfrontou.

No caso dos socialistas, aínda non se sabe que se presentará pois o anterior candidato, Roberto Díaz, non volve presentarse.



BNG. Segundo Castro, “darémoslle a Sarria un novo rumbo cun proxecto de Goberno para aproveitar todo o seu potencial”.

Por outra banda, o PSOE escribiu unha carta rexeitando a Benjamín Escontrela como o candidato do partido ás eleccións de maio e



Empresa especializada en trabajos verticales

REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo
 659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
 rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparaciones de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas y patios de luces
- Trabajos confinado y en altura en industria
- Además disponemos de servicio de desatascos 24h

SARRIA

A Feira de Antigüidades e Restauración será o 30 de abril

O vindeiro 30 de abril celébrase en Sarria a XXVI edición da Feira de Antigüidades e Restauración. Esta Feira ten como motivo a celebración de San Lázaro e terá lugar na rúa Porvir.

As persoas que queiran achegarse a esta feira, considerada unha das feiras de antigüidades, restauración e coleccionismo máis importantes da comarca; poderán atopar obxectos de todo tipo.

Así, haberá postos de pezas de colección, antigüidades, xoias, libros, discos de música, mobles, arte e decoración.



Primeiras confirmacións para o Esmorga Fest, que será en maio

O Esmorga Fest ultima o cartel para a vindeira edición do festival, que se celebrará os días 19 e 20 de maio en Sarria coa Vicepresidencia da Deputación como principal patrocinio institucional.

A banda británica Bdrmm, que destaca nas listas de éxito do Reino Unido e acumula reseñas en publicacións internacionais de referencia, e a sueca Last Days of April son os nomes internacionais do festival, que conta con 15 grupos confirmados.

Charnego, Grande Amore, Pálida, Cora Novoa, Lagoon, La Plata, VVV [TrippinYou], The Parrots, Ghoulijaboy, Los Punsetes, Yawners, John Axiom e o artista local Castro, fundador de Disco As Palmeras que em-

prende proxecto en solitario, figuran tamén no cartel, co que a organización mantén a premisa que inspirou a creación do festival. "Buscamos grupos emerxentes, que poidan sorprender ao público, máis que reunir ao top ten do xénero", resumen.

O Esmorga Fest mantén o formato das últimas edicións, con concertos de pago na Sala Litmar - os días 19 e 20 - e actuacións gratuítas - o día 20 - en La Unión, nunha xornada que abre o festival a un público moi diverso e, sobre todo, á veciñanza de Sarria.

O apoio económico da área de Cultura garantiu a continuidade do evento, que está entre os mellor valorados de Galicia.

A Anpa do Frei Luís defende que non busca "confrontación"

Desde a Anpa do colexio Frei Luís de Granada sosteñen que o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, estaba informado en todo momento do proceso que querían levar a cabo, incluso a reunión que ían manter coa Deputación. Sorpréndelles a resposta do alcalde con respecto a reunión mantida con José Tomé, presidente da Deputación de Lugo, e din que "non se debe subestimar a unha comunidade educativa".

Así, defenden que eles sempre foron "totalmente transparentes" e que faláron "directamente con él, así como coa xefa territorial da Xunta que é do PP, e coa Deputación de Lugo, que é do PSOE". Engaden que non é "electoralismo, senón buscar colaboración e non a confrontación".

Por outra banda, representantes da Anpa acusan ao alcalde de mentir porque, din, cando se reuniron con el, "prometeunos que non faría vivendas sociais, porque desde o noso punto de vista, a inclusión conséguese coa integración a todos os niveis e dando as mesmas condicións, e para iso existen os alugamentos sociais en calquera edificio sen necesidade de etiquetas".

Sosteñen que despois de dicir iso, Claudio Garrido deulle a razón. Por isto, din, que agora se senten "decepcionados" porque "volve esquecerse á comunidade educativa nun momento no que queremos colaboración e non enfrontamentos".

Por último, desde a Anpa piden ao goberno local e a calquera organismo que edifique "que se responsabilice de calquera dano estrutural nos edificios colindantes porque a



seguridade dos nosos está por riba de todo".

FIRMAS. A Anpa convocou unha recollida de firmas entre os veciños debido "á inacción do Concello" con respecto da situación na que se atopan os arredores das casas dos mestres. Así, explican que "debido á situación acontecida relativa á seguridade cidadá e á saúde pública, e vista a pasividade demostrada polo Concello, desde a Anpa lanzamos unha recollida de firmas na que poñemos de introdución a argumentación á nosa demanda".

Ademais, explican que tiveron xa o primeiro contacto co arquitecto, que nunha primeira ollada e sen entrar no edificio, confirmoulles que hai amianto nas baixadas e uralitas dos tellados. Tamén lles confirmou que estas construcións se atopan nun estado de ruína económica "de manual", é dicir, que a súa rehabilitación superaría o 50% do valor da construción.

Así, dixo que existe "a posibilidade de ruína técnica, pero que non se

pode acreditar sen meter diñeiro e facer un estudo completo, que ten que realizar un técnico de urbanismo do Concello", explican.

PARTIDO POPULAR. O Pleno do pasado venres aprobou por unanimidade, a raíz dunha proposta do Partido Popular, demoler as antigas casas e construír nesas terreos un parque público cuberto. Os populares apoian tanto na petición de desafectación como no derrubamento dos edificios, xa que "vivendas sociais pódense construír en moitos sitios e deberían existir máis na vila para evitar o estigma dos barrios sociais". O grupo municipal do PP xustifica a urxencia desta moción "nas constantes queixas dos veciños e da comunidade educativa relativa á insalubridade e inseguridade da zona, na que se pode comprobar ademais a presenza de ratas como consecuencia da suciedade e basura que se acumula no recinto".

A moción lembra que a situación de perigo foi incluso constatada pola propia Policía Local de Sarria.

ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!
982 876 681
sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% verde. Concedida en 130 locais de Galicia.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de XENERA

Muebles Celeiro

A TUA OFICINA NA CASA

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com /
mueblesceleiro@gmail.com



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES
 Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena
José Luis MATANZA 657 982 987
 SARRIA (LUGO)

“Na Ferretería Sarria os clientes reciben unha atención personalizada”

Javier López Fernández atópase á fronte desta ferraxería sarriá con varios anos de historia

Cando naceu esta empresa e con que obxectivo ou motivación xorde?

Naceu en xullo do 2000 co obxectivo de ofrecer tanto a particulares, autónomos, como gandeiros e agricultores de Sarria e comarca, a máis ampla variedade de artigos de ferraxería da mellor calidade e aos mellores prezos. Tamén ofrecemos maquinaria forestal e de xardín, así como o servizo técnico de mantemento e reparación de maquinaria forestal e de xardín.

Onde están situados?

Atopámonos na rúa Pedro Saco número 33, e estamos aberto de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 21.00 horas.

Que produtos ofrecen na ferraxería?

Ofrecemos artigos de xardinería, pintura, droguería, ferraxería, ordenación, iluminación, electricidade, ferramentas, maquinaria forestal e de xardín, protección laboral, sanitaria, fontanería, calefacción e climatización, construción, industrial e enxoval do fogar e cociña.

Como se leva a cabo o servizo a particulares, profesionais autónomos e pemes e a gandeiros?

Somos un establecemento de proximidade, por iso os nosos clientes veñen a tenda onde reci-



ben unha atención personalizada polos nosos dependentes ou poden optar polo autoservizo.

Tamén son distribuidores da marca Stihl, que maquinaria distri-

búen, a quen e por que?

Ofrecemos toda a gama de maquinaria forestal e de xardín da marca Stihl.

Tamén somos socios da Coope-

rativa As Rías, unha cooperativa galega con máis de 100 socios en Galicia, norte de Portugal e parte de Asturias. A través da cooperativa podemos ofrecer unha ampla gama e variedade doutras marcas de maquinaria de xardín e forestal, así como produtos de ferraxería.

Ademais disto, tamén levan o servizo técnico.

Si. Ofrecemos o servizo técnico de mantemento e reparación de maquinaria forestal e de xardín, tanto de Stihl como de calquera outra marca.

Como é a relación con clientes?

A relación cos clientes é moi boa, sempre tentamos satisfacer a demanda do cliente e en caso de non poder, asesoramos con outras opcións ou solucións para que o cliente poida elixir o que máis lle conveña ás súas necesidades. O importante é o cliente e que saia contento da nosa tenda.

Que proxectos teñen para o futuro?

O importante é seguir mellorando a división da tenda por departamentos, e tamén a incursión no mundo dixital e as redes sociais, e por suposto ampliar a gama de produtos que ofrecemos aos nosos clientes para que sempre atopen o que necesiten.

O Buril organiza un concerto en maio

A Asociación Cultural, Deportiva e Ecolóxica O Buril de Sarria presenta diversas actividades de rock para este vindeiro mes de maio.

Así, a actuación en directo do grupo Musel que ía ter lugar o sábado 11 de abril, celebrárase no local o vindeiro 26 de maio a partir das 23.00 horas e cun custo de 5 euros por entrada.

Un concerto será a antesala do Sarria Blues no Camiño

O vindeiro 30 de abril celebrárase en Sarria un concerto como antesala do II Sarria Blues no Camiño, un festival de músicas afroamericanas.

Andhrea and the Black Cats será o grupo encargado de amenizar este prelude do que será o festival que se define como ‘Cruceiro no Crossroads’.

Así, nesta xornada presentarase oficialmente o festival que terá lugar do 3 ao 6 de agosto no Camiño de Santiago coincidindo co municipio de Sarria.

Esta cita musical está organizada por Teixos, “un grupo de amigos que empezaron a camiñar xuntos fai máis de corenta anos e siguen coas mesmas ganas”, din, “seguímos conservando as nosas ganas de vivir, de ser nós mesmos e honrar aos nosos cando xa non están.”



Alfonso García
 PSICONEUROINMUNOLOGÍA CLÍNICA

Psiconeuroinmunología (PNI) es una rama clínica, basada en evidencia científica, que entiende el cuerpo como una unidad.

A través de un estudio pormenorizado podemos llegar a conocer el origen de varias patologías:

- Trastornos digestivos
- Desequilibrios hormonales
- Dolor articular
- Migrañas, etc.

690 344 001 | [Alfonsogarcia.pni](https://www.instagram.com/Alfonsogarcia.pni) / Gran vía 31-33 entresuelo A 27600 Sarria



ARQUITECTO TÉCNICO

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA
 JOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS
 arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
CERTIFICACIONES / INFORMES
TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN
URBANISMO

SARRIA (LUGO) | T: 676 559 980

O IES Xograr de Sarria participa da iniciativa Observa_Acción



Dez docentes do IES Xograr Afonso Gómez están a participar no programa de innovación educativa Observa_Acción. Esta actividade de innovación consiste na observación entre iguais e fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes.

Os obxectivos fundamentais son colaborar na construción conxunta de coñecemento e promover o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

Na primeira fase, cada docente observou unha sesión impartida por un compañeiro e analizou de forma xeral o seu traballo.

Na segunda fase a observación das sesións realizouse de forma focalizada, atendendo a aspectos específicos relativos á xestión da aula e ao proceso de ensino-aprendizaxe. Memoria con reflexións

Ao remate desta iniciativa, os profesores terán que facer unha memoria coas reflexións obtidas para presentar á comunidade educativa. Unha vez valorada polo departamento de Innovación correspondente, se o centro é seleccionado, comezarán a realizar observacións entre docentes de diferentes centros da propia comunidade autónoma para no próximo curso traballar con centros doutras comunidades ou países.

Panorama, Olympus e Los Satélites actuarán durante as festas de San Xoán de Sarria

As festas do San Xoán de Sarria, as máis tradicionais da vila, celebraranse os días 23 e 27 de xuño, tal e como anunciou a concelleira de Festas de Sarria, María Eugenia Valcárcel.

Este evento repetirá a localización do ano pasado, na rúa Castelao e a súa contorna tras a

“excelente acollida” que tivo o ano pasado.

A concelleira avanzou que o programa de actuacións musicais “está moi avanzado” e resaltou que entre as orquestras xa contratadas figuran nomes como Panorama, Olympus e Los Satélites.

Sarria acada dúas Flores de Honra no Vilas en Flor polas súas paisaxes

O certame Vilas en Flor homeaxeou ao Concello de Sarria con dúas Flores de Honra. Esta iniciativa está organizada pola Asociación de Viveristas del Noroeste (ASVINOR), a Asociación de Empresas de Xardinería de Galicia (AGAEXAR); e a Fundación Juana de Vega.

Desde Vilas en Flor defenden que o Concello de Sarria acadou este recoñecemento debido a que “destacan as paraxes naturais vinculadas aos ríos Sarria e Celeiro, así como conta con espazos urbanos de gran interese, como a Casa do Marqués, ou os Xardíns da Unión compostos por árbores centenarias que merecen ser protexidos como árbores senlleiras. No Roteiro das Aceas acometé-



ronse labores de mantemento e recuperación de cartelería, e substitución de papeleiras por puntos de reciclaxe na entrada do roteiro. Destaca a campaña de reciclaxe de plásticos que se suma ás cam-

pañas xa existentes de recollida de cartón e de compostaxe. Continúan desenvolvendo as campañas de educación cidadá sobre o coitado dos espazos verdes, que son tan necesarias”.

Meigas e Tragos quere reparar o teito do seu edificio

A asociación cultural Meigas e Tragos quere reparar o teito do seu edificio do Chanto. Así o debatiron na asemblea xeral extraordinaria de socios do pasado 1 de abril na que ademais revisaron as contas do 2022, o orzamento e as cotas para o 2023. Para estas tarefas de mellora encargaron un proxecto que rehabilite esta parte do edificio pois presenta numerosas deficiencias como goteiras que danan o interior.

Unha vez se dispoñía dun proxecto técnico oficial, a asociación sarriá intentará solicitar algún tipo de axuda tanto autonómica como local para o financiamen-

to que segundo cálculos iniciais podería superar os 50.000 euros.

PANDEIRETA. A asociación organiza un obradoiro de pandeireta para o vindeiro 22 de abril de 16.00 a 20.00 horas. Neste taller, as persoas aprenderán a facer e construír coas súas propias mans unha pandeireta. O prezo da actividade é de 50 euros porque inclúe as catro horas de formación coa clase práctica para poder construíla. Para máis información e reservar praza, débese contactar con Susana no número 639 974 587 ou no correo directiva@meigasetragos.gal.

Conceden a licenza para demoler un bloque inacabado

O Concello decidiu conceder licenza de obra para a demolición dun bloque inacabado de 48 vivendas, con sete alturas e 20 metros de fondo, na rúa Calexa, afectada polo Ben de Interese Cultural (BIC) do Camiño Francés á sociedade Inversiones Inmobiliarias Canvives SAU. Esta demolición, na que a sociedade propietaria investirá máis de 274.000 euros, conta cos informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e da Deputación.

O alcalde, Claudio Garrido, salienta que con esta demolición á rasante da rúa eliminarase “unha mancha” no Camiño Francés despois de 15 anos de “grande impacto visual”.

Muévete a BigMat viñas

982 530 060
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m² de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

A vila contará cunha zona de compostaxe

O goberno local de Sarria activará en datas próximas unha zona de compostaxe comunitaria na confluencia da rúa Curros Enríquez co Chanto e convida á veciñanza da contorna a involucrarse no tratamento separado dos biorresiduos para obter compost. Esta iniciativa piloto, cofinanciada polo Concello de Sarria cunha achega da Xunta de Galicia, suporá un investimento de 33.000 euros e ten como finalidade avanzar na recollida separada dos biorresiduos de aproximadamente unha trintena de fogares para destinalos ao tratamento biolóxico nos composteiros comunitarios que xa foron instalados na rúa Curros Enríquez.

VECIÑOS. Pedro López, o concelleiro de Sostibilidade Ambiental e Servizos Municipais, salienta que o próximo paso antes de activar o funcionamento dos composteiros é que arredor dunha

trintena de veciños desa área trasladen ao Concello a súa intención de participar no proxecto, ben chamando ao teléfono 982 53 50 50 ou ben enviando un correo electrónico ao enderezo concellodesarria@sarria.gal. Unha vez seleccionados os participantes, o Concello programará un curso formativo para explicarlles o sistema de funcionamento deste sistema de compostaxe comunitaria.

Os principais requisitos para inscribirse serán comprometerse a separar no fogar os restos orgánicos, a trasladalos á área de compostaxe comunitaria e a depositalos no módulo correspondente, engadindo a proporción axeitada do material estruturante.

Con posterioridade, transcorridos arredor de seis meses, cada veciño poderá solicitar o compost ao Concello ou cedelo para utilizalo no mantemento dos xardíns municipais.

A cidadanía de Sarria quéixase do estado do parque do Chanto

Veciños de Sarria quéixanse das condicións nas que se atopa o parque do Chanto, que presenta graves desperfectos pola "falta de coidado dalgúns cidadáns", apuntan.

Así, algúns dos sarriaos falan nun grupo de Facebook de información sobre o municipio que esta situación repítese con asiduidade.

Algúns defenden que se debería dotar a Sarria de cámaras de videovixilancia en zonas estratégicas como o Chanto, o Campo da Feira, o Malecón... como, din, xa se fai en outras cidades luguesas.

Porén, case todos os participantes da conversa compartiron a opinión de que existe "unha gran falta de educación" na vila sarriá.

Con todo, esperan que de cara ás eleccións, os diferentes par-



tidos políticos se preocupen por esta zona de Sarria tan concorrida por nenos e que está "descoidada" por parte do goberno local, apuntan os veciños; como "maltratada por persoas irresponsables", denuncian.

Conafe elixe unha explotación sarriá como mellor gandería criadora de raza frisoa

Baixo Holstein, unha explotación de gando vacún foi recoñecida como a mellor gandería criadora de raza frisoa de España.

Trátase de Baixo Holstein, unha empresa familiar que se transmitiu de xeración en xeración, pero agora mesmo é rexentada por un matrimonio, formado por Antonio Rodríguez e Gloria García, e o seu fillo, Yago Rodríguez.

A Confederación de Asociacións de Raza Frisoa (CONAFE) recolleu un listado das mellores explotacións desta raza de vaca e esta empresa sarriá acadou o primeiro posto.

Así, Baixo Holstein é por terceira vez a escollida como a mellor e na actualidade contan con 230 animais, dos que 127 son reprodutores.

Antonio defende que "desde un inicio consideramos que a morfoloxía das vacas é un aspecto fundamental no rendemento da explotación, xa que as vacas con mellor morfoloxía van ter unha maior aptitude para a produción de leite e unha maior lonxevidade".



CAFETERIA
Holo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

CHAMORREGO
SERVICIO A DOMICILIO

C/ Calvo Sotelo 140, Sarria - Telf: 982 533 664

CERVECERÍA ESPAÑA

CERRAMOS LOS MARTES

¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...
VARIEDADES DE TOSTAS...

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 982 876 706

PIZZERIA PAPPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana
Martes Familiar de Jamón o Bacon 8€

Servicio a domicilio Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria 982 012 026

“Queremos colaborar de forma máis próxima co resto de asociacións”

A Rúa da Música é un dos colectivos que máis traballa pola cultura da vila

Jesús David Álvarez Pena, é o novo presidente da asociación sarriá Rúa da Música.

Desde cando asume o reto de presidir a asociación?

Desde xaneiro de 2023.

Por que se decidiu a presidila?

Principalmente por motivación persoal de querer formar parte da directiva da asociación e poder achegar algo máis alá de ser socio.

Como asume este reto?

Con entusiasmo e con ganas de facer cousas con e para a asociación, así como tamén achegar o meu granciño de area na movida cultural do pobo máis aló do que fago coa miña banda, a Louband.

Que novidades nos trae Rúa da Música este ano?

Este ano imos sacar un disco recompilatorio polos dez anos da asociación, no cal colabora o Concello. É un proxecto enma-

rañado da anterior directiva e que collemos xa na súa etapa final con moitas ganas. Este disco sairá moi pronto e esperamos que estea en todas as casas de Sarria. Tamén seguiremos programando concertos no local da asociación mensualmente e levar a cabo o festival Garitosis.

Que cousas vai cambiar (ou manter) de anos anteriores?

Este ano cambiamos un pouco o funcionamento interno da asociación, xa que creamos grupos de traballo para repartir as tarefas entre todos, e así ser máis eficaces. Mantemos as asembleas e procuramos realizar unha por mes e, de ser necesario, convocarase asembleas extraordinarias. Tamén queremos colaborar de forma máis próxima e activa co resto de asociacións do pobo e calquera iniciativa cultural sempre será ben recibida pola asociación Rúa da Música e contará co noso apoio na medida do posible.

Que iniciativas teñen en marcha?

Estamos a organizar charlas maxistras, xa realizamos varias; por exemplo de canto, de baixo, e proximamente teremos unha dun Luthier. Impartimos masterclass, como a vindeira do Luthier Ricardo Ramos, un Luthier portorriqueño que ten o seu taller aquí en Sarria, pero aínda non hai data fixa. Tamén hai clases de baile no local.

O festival Garitosis, sábese quen vai participar este ano?

Aínda non están os artistas definidos, pero xa hai propostas sobre a mesa, o que se pode dicir



é que como sempre participarán grupos da asociación e do pobo.

artistas e bandas do pobo.

Teñen outros eventos conxuntos con outras asociacións?

Iso é algo que queremos propoñer e apostar por iso cara ao futuro. Encantaríanos. Polo de agora, podería resaltar a colaboración co festival de Blues e co Esmorga, aínda que é máis indirecta.

Para as eleccións, esperan que o próximo goberno colabore máis coa asociación?

A asociación é cultural, e a nosa prioridade é a cultura do pobo, nós queremos que Sarria sexa un referente para Lugo e para Galicia en canto á cultura e á música. Creo que iso é o que importa.

Algo máis que queira engadir?

Agradecerche por esta entrevista, e por darlle visibilidade ás asociacións do pobo, é importante que os medios apoiem e se vexan interesados por este tipo de actividades e iniciativas.



Para quen non o saiba, que é o festival Garitosis, en que consiste?

É un festival organizado pola asociación Rúa da Música desde o ano 2012 e é un festival que aposta pola diversidade musical, cun corte claramente roqueiro, e que promove e busca dar visibilidade e exposición aos



INVESTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

20 ANOS





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova



RIO LOYO
Restaurante

Airexe
taberna

RESERVAS
619 873 918
982 195 979

Especialidade en tortillas
Tablas de embutido
Bacalao

Tenreira Galega Suprema
Menú do día

LUNS E MARTES PECHADO EXCEPTO FESTIVOS E VISPERAS

San Juan de Muro - Láncara

Mesón Castro

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697

HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

• PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
• TERNERA GALLEGA SUPREMA
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Airo Padron

A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 10 - info@fervenza.com

Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirrallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

“Temos unha comunidade inmensa de lugares fermosos”

José Manuel López é presidente da asociación cultural Grupo Xacobeo Sarria

A asociación cultural Grupo Xacobeo Sarria tamén se encarga de organizar as viaxes para o desfrute dos seus membros e demais veciños.

Como xurdiu a idea de crear esta asociación cultural?

O grupo foi creado no ano 2004 mentres faciamos o Camiño Francés do Camiño de Santiago. Logo, fixemos o Camiño Primitivo, despois o Norte, o Portugués e o Camiño dos Faros. No ano 2017 convertémonos en asociación. A asociación foi creada porque xa nos excediamos moito na cantidade de persoas que participaban, e por temas de responsabilidade, axudas, seguros, etc; tiñamos a obriga de facelo así. Ademais, resulta máis doado traballar con asociados que con todos por libre.

Cantas persoas compoñen a asociación?

Compoñen a asociación 208 asociados a data de hoxe. Dentro destes asociados temos xente de Sarria, Lugo, Bóveda, Paradela, Láncara, O Incio, O Páramo, O Corgo, Rábade, Ribadeo, Noia, Porto do Son, A Coruña e Ponferrada. Como apunte, no ano 2022 demos de alta 95 asociados, polo que fomos crescendo.

Cal é o obxectivo?

O obxectivo é facer que a xente coñeza e desfrute de paisaxes e lugares por descubrir, sobre todo aquí por Galicia. Temos unha comunidade inmensa de lugares fermosos que moitos non coñecemos, o cal facemos a través das rutas de sendeirismo e excursións.

Como se reúnen?

Non temos un lugar determinado de reunión, a asociación ten o seu domicilio fiscal, pero as reunións ímolos facendo en lugares públicos,

como restaurantes ou incluso cando vamos de ruta. Por outra parte, cabe destacar que creamos un nome máis publicitario, que é Xacobeo Sarria Rutas, porque é máis sinxelo de lembrar, polo que ese é o nome que temos en Facebook, que é onde publicamos as rutas.

Que actividades e rutas organizan?

Organizamos rutas de sendeirismo e excursións por Galicia, polo oeste de Asturias, León e o norte de Portugal. Tamén facemos viaxes de

Morte, etc. Estas rutas son organizadas en colaboración con axencias de viaxes autorizadas.

Que proxectos teñen este ano?

Os proxectos para este ano son moitas rutas e excursións, as cales imos programando pouco a pouco. A máis próxima é a Ruta da Camelia, por Corrubedo. Viaxamos cada 15 días, dúas fins de semana ao mes máis ou menos, xa que entendemos que saír todos os domingos suporía un gasto enorme, xa que se está po-



incluso rutas nocturnas, como poden ser a posta de sol, as perseidas na illa de Sálvora, luces de Nadal, entre outras cousas. En todas as rutas están participando unha media de 75 persoas, chegando incluso a 100 por ruta. Estamos abertos a

as rutas valora moito a organización que temos, facemos un grupo como se fosemos todos familia e amigos, sempre uns pendentes dos outros e axudándonos uns a outros. Isto é máis fermoso do grupo, o compañeirismo. Cabe destacar a acollida que lle facemos á xente que participa sobre de todo por primeira vez, tanto os participantes como os membros directivos, xa que ao meu lado teño un gran equipo de directivos que colaboran en todo e axudan no que faga falta.

Que beneficios teñen as rutas para as persoas que se apuntan?

Ninguén se anota a nivel individual, sempre é a nivel colectivo. Deste modo é como mellor se pasa o día. Hai moita xente soa que busca poder compartir, charlar, visitar... con máis persoas e, de paso, coñecer lugares novos. Nas rutas xorden grandes amizades entre os participantes.

Que proxectos futuros hai?

Volver ao Camiño de Santiago e facer rutas variadas e excursións. Estamos preparando tamén unha charla dun médico sobre a saúde e o sendeirismo.

Teñen apoio das institucións?

A única subvención que temos é da Deputación de Lugo, da cal estamos moi agradecidos. Tamén colaboran diversos concellos cando imos de ruta, como foi o caso desta última do cocido no Concello de Triacastela.



fin de semana ou máis días para coñecer outros lugares da península e dentro das viaxes, moitas veces, organizamos pequenos eventos, como a festa de fin de rutas, asembleas da asociación, a festa do cocido, a festa da sangría na Costa da

ñendo a vida cara. Estamos organizando tamén unha viaxe a Segovia, que vai ser o 29 e 30 de abril e 1 de maio. Outra viaxe de fin de semana vai ser tamén a Ruta do Cares, en Asturias, para o primeiro fin de semana de setembro. Organizamos

participar con outras asociacións similares ou ben que elas poidan participar connosco.

Algunha anécdota?

Cada ruta é unha experiencia diferente e todas teñen moitas anécdotas divertidas. A xente que vai



OSO BLANCO

LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES

AHORA PUEDES PAGAR CON TU MOVIL

1. Descarga OSO BLANCO LAVANDERÍAS
2. Regístrate
3. Busca la Lavandería

POR CADA RECARGA DE 10€ TE REGALAMOS 1€




Rúa Calvo Sotelo 20
SARRIA - LUGO

08:00 a 22:30

Rúa Calvo Sotelo 199
SARRIA - LUGO

08:00 a 22:30



Polígono Industrial
O Morelle, parcela 26,
puerta A. Sarria
Tel.: 609 171 168



Talleres TITO

Carpintería metálica
Reparación de Maquinaria Agrícola
y Carrocerías
Fabricación de material Ganadero




COMARCA

A Mancomunidade acorda usar o orzamento en promoción

Celebrouse o primeiro pleno da Mancomunidade Concellos do Camiño Francés en Triacastela con Olga Iglesias como a presidenta.

Durante este pleno, acordouse por unanimidade dos asistentes empregar o orzamento dispoñible polo convenio asinado coa Xunta para a promoción do Camiño Francés.

A presidenta defende que “aínda están por concretar as propostas”, pero van comezar facendo material divulgativo para ir a feiras especializadas, como o FITUR.

Así, Olga Iglesias avanzou que ese material se unirá ao documental feito en 2022 e que se presenta-



rá o vindeiro martes 21 de marzo no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela. Estiveron presentes os represen-

tantes dos Concellos de Pedrafita, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei e Melide.

Estreado o novo documental ‘Camiño Francés: Just Walk it’

A Mancomunidade do Camiño Francés, presidido por Olga Iglesias, estreou o documental Camiño Francés: Just Walk it. Neste vídeo, de 22 minutos de duración, peregrinos de diferentes nacionalidades contan as súas vivencias ao percorrer a ruta xacobeá.

As gravacións tiveron lugar durante o pasado mes de novembro nos 11 concellos que forman parte da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés.

O resultado final amosa as historias da surafricana Jane Botja, o escocés Euan, a holandesa Severine,



Gofrey, Carla e Glenn, unha familia americana, e Domenico Arato, un executivo italiano. Todo eles unidos polo Camiño de Santiago.

Convocadas as axudas da PAC para este ano

Foi publicada a orde da Consellería do Medio Rural que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da PAC. Así, os gandeiros e agricultores galegos poderán presentar a solicitude única dende ata o vindeiro 31 de maio, accedendo directamente cun certificado dixital á aplicación informática SGA ou acudindo ás distintas entidades colaboradoras.

O orzamento previsto para esta convocatoria elévase aos 217 millóns de euros, dos cales uns 170 millóns correspóndense cos pagamentos directos da PAC -mantéñense con respecto a anos anteriores- e 47 millóns de euros coas medidas de desenvolvemento rural asimiladas ao Sistema Integrado de Xestión e Control (axudas a zonas con limitación naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións forestais en terras non agrícolas), que se incrementan con respecto á convocatoria anterior.

Ampliado o prazo para as axudas para accións silvícolas

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde pola que se amplía o prazo de presentación das solicitudes para as axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación ambiental dos ecosistemas forestais. Estas achegas contan cun orzamento de preto de 10 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Amplíase o prazo de presentación de solicitudes nun mes ata o 10 de

abril. Esta ampliación permite que as persoas que xa formularon a súa solicitude no prazo transcorrido ata a modificación desta orde poidan mantela e modificala ou que persoas que non a formularan poidan facelo tendo en conta as novas condicións.

Estas subvencións van orientadas á prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais. Para acadar estes obxectivos, establécense dúas liñas de axuda.

Manifestación “contra a depredación eólica”

Coincidindo coa data límite establecida pola normativa vixente para outorgar autorización previa aos proxectos eólicos promovidos en Galicia con declaración de impacto ambiental favorable, a Coordinadora Eólica Así Non convoca o pobo galego a participar nunha nova mobilización masiva en Santiago, o 23 de abril. Esta mobilización chama aos afectados polo actual modelo “depredador da enerxía eólica” a rodear o edificio de San Caetano da Xunta de Galicia, para manifestar a súa repulsa aos proxectos con declaración de impacto ambiental positiva, cuxa aprobación podería ser inminente.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

triacastela

Xa se poden ver os resultados do taller de vimbio no Oribio



O Concello de Triacastela acolleu un taller de vimbio impartido por Lola Tourón na área recreativa do Oribio. Nesta actividade as persoas participantes aprenderon a facer figuras de vimbio coas que se pretendeu crear un espazo de lecer para nenos e adultos. Na área xa se poden ver as pezas que elaboraron os participantes.

Lola Tourón, con ampla experiencia no traballo con vimbio vivo, foi a encargada de diferentes obradoiros de restauración das estruturas en forma de celosía que se atopan nos terreos da Deputación en Lugo e da elaboración, co seu alumnado, de volumes xeométricos tecidos coa técnica niño, tamén chamada caos ou maraña.

O Goberno local está a organizar clases de zumba

O Concello de Triacastela está a organizar clases de zumba para esta tempada de primavera e que serán impartidas os martes pola tarde no polideportivo do Colexio.

As persoas que o desexen poden ir a clases soltas só un dos días ou todo o mes. Non é preciso ser da localidade. Poden participar peregrinos ou visitantes tamén.

As persoas interesadas poden anotarse ou pedir información chamando ao 686 47 34 14. Este tipo de exercizo mellora o sistema circulatorio e cardiovascular. Coa realización deles mellórase a coordinación, aumenta a flexibilidade do corpo e quémase unha gran cantidade de calorías, polo que permite a baixada de peso.

o páramo

Propoñen construír a residencia na parcela 'finca Casa Amelia'

O concello está máis preto de contar cunha residencia e cun centro de día para persoas maiores despois dunha reunión que mantivo o alcalde, José-Luis López coa conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias.

A proposta do Concello pasa pola construción dunha edificación de tres plantas nunha parcela de titularidade municipal coñecida como finca Casa Amelia.

A planta baixa destinaríase a centro de día enteira para usos residenciais, e a segunda estaría dividida entre zona de dormitorios, servizos e terraza exterior.



O novo equipamento contaría con 41 prazas de residencia e entre 20 e 25 de atención diúrna e a obra podería asumila o Goberno galego a través do financiamento da redacción do proxecto.

A conselleira destacou o impulso que nos últimos anos está a dar o Goberno galego aos servizos de proximidade para que as persoas maiores poidan ter as atencións que necesitan ao carón dos seus fogares.

Gumersindo Rodríguez preséntase con Alternativa Veciñal polo Páramo á Alcaldía

Gumersindo Rodríguez Liz, ex-alcalde do Páramo, preséntase como candidato ás eleccións de maio no Concello do Páramo polo partido político Alternativa Veciñal polo Páramo.

Así, avisou aos veciños nunha carta na que anunciaba a súa candidatura despois de abandonar o Partido Popular hai unhas semanas para pasar a edil non adscrito. Gumersindo Rodríguez foi alcalde do Páramo durante 36 anos e nas últimas eleccións presentouse como número dous da lista do PP, porén, despois de que o actual alcalde, José Luís López, que gober-



na co partido Todo polo Páramo, anunciara a súa candidatura polo PP, Gumersindo tomou a decisión de ir por libre.

A XXVI Festa dos Avós será o 16 de abril

O Concello do Páramo organiza para o vindeiro 16 de abril a XXVI Festa dos Avós.

Este evento comezará coa misa no Campo da Feira ás 12.30 horas, que continuará co xantar no polideportivo municipal. Esta iniciativa está orientada para os maiores de 65 anos, para matrimonios, amigos ou xubilados en xeral.

As persoas que non sexan pensionistas, cónxugues ou non estean empadroados no Páramo, Terán que pagar 32 euros.

O alcalde do Páramo, José Luis López, pide que por motivos de organización as persoas interesadas en participar avisen nas oficinas municipais como último día o 11 de abril.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo) • Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

AUDÍFONOS RECARGABLES
SIEMENS
¡Y olvidese de las pilas!

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

- Revisións auditivas GRATUÍTAS
- Prueba de audifonos SIN COMPROMISO de compra

FINANCIACIÓN hasta 18 meses sin intereses

*SUPER GARANTÍA HASTA 5 AÑOS PARA PÉRDIDA O ROTURA

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976 | audiosarria@gmail.com

SARRIAXA

A INFORMACIÓN LOCAL
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER
AS NOVAS DA COMARCA

VISITA A NOSA WEB
www.sarriaxa.com

661 464 323 - redaccion@sarriaxa.com

O Club de Pesca Río Neira organiza un curso de pesca

O Club de Pesca Río Neira organiza para o vindeiro 22 de abril un curso de pesca a mosca en Láncara. A persoa encargada de dar esta formación é David Arcay, cinco veces campión do mundo nesta modalidade de pesca, un de forma individual e catro veces coa Selección Española. A duración vai ser todo o día e terá unha parte teórica pola mañá e unha práctica pola tarde no río Neira, no couto de pesca sen morte de Láncara. O curso ten un custo de 50 euros e é exclusivo para 20 socios, no que se inclúe a formación e a posterior comida na Taberna Airexe. Porén, desde o club din que calquera persoa que queira pode apuntarse ao club e pagar a cota anual de 20 euros para poder formar parte desta actividade.

A asociación Val de Láncara organiza un club de lectura

A asociación cultural Val de Láncara organiza unha nova actividade para finais de abril. Esta iniciativa consiste nun club de lectura para público infantil baixo o nome de *Val dos contos* e un para adultos *O mirador dos libros*. Esta actividade é gratuíta e aberta a todas as persoas que queiran participar e previsiblemente será na antiga escola de Láncara. A asociación deixará os libros *As Ramonas* para os adultos e *Flis-flis-flás* para os nenos que participen destes clubs de lectura coa condición de devolvelos no prazo indicado e a finais de abril terá lugar a posta en común desas obras.



Para apuntarse a esta actividade, as persoas poderán facelo chamando aos números 698 19 58 25 ou 691 17 56 50.

O Concello levará a cabo diversas obras

O goberno local de Láncara aprobou sacar a licitación obras en viais por importe de algo máis de 253.000 euros. Na Pobra de San Xiao actuará en viais do barrio da Poidiña e do campo da feira, cun orzamento de 60.000 euros. A actuación consistirá na execución dunha capa de rodadura en aglomerado en quente, o pintado da sinalización horizontal e a instalación de elementos de seguridade viaria. Por outra banda, o Concello investirá 95.217 euros na mellora do firme de cinco pistas na parroquia de Bande. Para estes traballos a Administración provincial achegará 81.817

euros e o Concello a contía restante. Tamén foron licitadas obras nas estradas da parroquia de A Lama, por 46.997 euros. Por último, o Concello sacou a contratación por 50.910 euros a mellora de camiños entre Toubille e Lama de Souto.

AXUDA NO FOGAR. O Concello licitou así todas as obras contempladas no Plan Único deste ano, no que tamén hai unha partida para o servizo de axuda no fogar. Prevense 20.864 euros, dos que a Deputación de Lugo financiará 10.000, o Concello 8.238 e os usuarios o resto.

Patacas Novas participará na XVIII Covas de Seadur

A Asociación Patacas Novas porá un autobús a disposición dos veciños da Pobra de San Xiao, en Láncara, para ir á XVIII edición das Covas de Seadur en Ourense. Este evento terá lugar o vindeiro 8 de abril ás 18.30 horas, polo que o bus sairá da Pobra dúas horas antes, sobre as 16.30 horas e volverán sobre as 23.30 horas da noite. Alí, as persoas que vaian poderán desfrutar de festa e viño, por iso teñen previsto alugar un autobús que, dependendo das persoas que se apunten, terá 36 ou 50 prazas.

Un obradoiro de ciencia e experimentos para nenos

Organízase un obradoiro de ciencia e experimentos para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos en Láncara. Este taller terá lugar o vindeiro 15 de abril de 10.00 a 14.00 horas na rúa Valdriz 10, na Pobra de San Xiao. Nesta actividade, os nenos traballarán en grupo e cada grupo experimentará divididos por idades. Ao final do obradoiro, terán que exponer os seus proxectos e entregárase un diploma a cada neno. Para máis información, pódese contactar a través dos números 650 865 946 ou 630118 413.

MEXILLÓN. O vindeiro venres 7 de abril celebrarase a Festa do Mexillón no Concello de Láncara. A partir das 20.00 horas, as persoas interesadas en participar desta iniciativa poderán achegarse á Taberna de Cedrón, á Taberna de Armea, á Taberna Airexe, á Casa Enriqueta, á Casa Benita, ao Mesón do Neira, á Avenida, ao Xeitoso, ao Mesón Don Cosme, ao Puchas, ao Convero ou ao Refugio. En todos estes establecementos ofrecerase mexillón para o disfrute dos veciños e persoas que se acheguen.

A XXIII Feira Degustación da Tenreira Galega será o día 1

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, deu a coñecer a data da vindeira Feira Degustación da Tenreira Galega o vindeiro 1 de maio no municipio, unha cita que celebra xa a súa edición número 23, que será precedida pola Festa dos Avós, o 30 de abril. A Feira de Tenreira Galega é unha data xa consolidada na vila, ademais, de estar recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia en febreiro de 2020 e que a pandemia impediu celebrar. Previsiblemente e como outros anos o recinto ferial acollerá exemplares de rubia galega para os concursos, haberá degustación



de tenreira que prepararán en diferentes formas e tamén adoitase desfrutar de actuacións musicais, artesanía e agricultura.

ESTANCO LA SUERTE
(Antiguo Genin)

Rúa Matías López nº 4
SARRIA
Telf. 982 530 644

Loterías • Prensa • Artículos de regalo
Complementos para el peregrino

**PARA SERVIR MEJOR
A NUESTROS CLIENTES**

CAMBIAMOS HORARIO

LUNES a SÁBADO
horario interrumpido de 7,30 a 21,30 h.

DOMINGOS: de 9 a 14 horas

tu bienestar empieza AHORA!

MONTAJE GRATUITO
(ver condiciones)

Por Sólo!
855€

GM217 Apilable de salón en colores actuales de 303cm.
Posibilidad de otros colores, pida presupuesto.

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

Muebles SINDIN
VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676
mueblescindin@gmail.com / www.mueblescindin.com

“A maior parte da carta son produtos de proximidade”

Moisés Arza é o xerente do Hotel A Veiga Restaurante de Samos

Falamos con Moisés Arza Quintero, do Hotel A Veiga Restaurante de Samos, que está en funcionamento desde o ano 1983.

Con que obxectivo se puxo en marcha?

O Hotel A Veiga abriuse co obxectivo de dar un servizo integral tanto a viaxeiros, xa foran turistas ou peregrinos que facían o Camiño Francés do Camiño de Santiago, como a xente da contorna de Samos.

Que servizos ofrecen?

Ofrecemos almorzos, xantar, ceas e tamén aloxamento. En concreto, contamos con 15 habitacións que serven a turistas como sitio para desconectar e a peregrinos como descanso para a súa longa andaina.

É algún servizo para os peregrinos?

Si. Ao estar situado o establecemento en pleno Camiño de Santiago proporcionamos servizos

e instalacións específicas para peregrinos, como traslado de equipaxe, despachos de billetes, masaxes e zona para deixar bicicletas.

Como son as habitacións?

Todas as habitacións inclúen baño privado con bañeira ou ducha e secador de pelo. Ademais dispoñen de TV de pantalla plana e hai Wifi gratuita en todo o establecemento.

Cal é a media de persoas que acoden ao hotel?

É difícil facer unha análise da media de persoas que veñen ao hotel ao mes, porque depende moito da tempada, aínda que cabe destacar que os días de máis afluencia de xente son os domingos, os festivos e os da época estival, coincidindo coas festas do verán, as vacacións e a tempada de máis peregrinos facendo o Camiño de Santiago.

Con respecto ao restaurante,

que se vai atopar alguén que vaia?

Temos menú do día diariamente e de luns a venres e tamén carta todos os días. Ademais, temos menús adaptados para grupos ou eventos especiais. Por outra banda, contamos cun amplo comedor e cunha acollidora terraza, ambas con vistas.

Que tipo de produtos ofrecen no restaurante?

A maior parte da carta componse de produtos de proximidade: tenreira galega suprema, queixos galegos, viños das Denominacións de Orixe de Galicia, pescados das nosas lonas, castañas... E adaptamos a carta segundo os produtos propios da tempada.

A localización deste Hotel ten que ver co Camiño de Santiago?

Está localizado nun lugar privilexiado, ao carón do río e en pleno Camiño Francés, do Camiño



de Santiago; e a 700 metros do Mosteiro de Samos. Tamén está a 200 metros do mosteiro beneditino de San Julián e a capela de San Salvador.

Teñen algunha proxección de futuro?

Intentar mellorar día a día escoitando aos nosos clientes para poder proporcionar o mellor servizo e calidade posibles. Queremos agradecer aos nosos clientes que veñen e pasan tempo con nós, xa que fan que cada día abramos o Hotel A Veiga con ilusión.



O Grupo municipal socialista de Samos expulsa a Julio Gallego

Os socialistas rexistraron no Concello un escrito trasladando o acordo de expulsar do mesmo a Julio Gallego, que pasará desta forma a ser concelleiro non adscrito.

A decisión, tomada pola maioría dos concelleiros socialistas, recolle que Julio Gallego vén protagonizando nos medios de comunicación declaracións e actuacións “de extrema gravidade, incompatibles coa pertenza a este Grupo Municipal”.

Así mesmo, os socialistas ratificaron de novo o seu pleno apoio e confianza na candidatura á Alcaldía de José Antonio García Jurjo, “cun proxecto que ten como única prioridade o interese e o progreso de todos os veciños e veciñas de Samos. Temos que pechar este espedimento e apostar por unha candidatura gañadora, que coloque a política municipal de Samos ó nivel que se merece, lonxe do Falcon Crest familiar que está montando o PP”.

O candidato socialista ten unha longa experiencia na política municipal de Samos. É concelleiro desde o ano 2007 e a partir do 2011 asumiu as funcións de tenente de alcalde.

Os nenos do CEIP de Samos seguen coas actividades organizadas pola Anpa

O alumnado do CEIP de Samos volve a poder desfrutar de actividades extraescolares organizadas pola Anpa do colexio e coa colaboración económica do Concello e dos Fondos da Deputación de Lugo. Estas actividades extraescolares consistirán en tres deportes, fútbol, baloncesto

e voleibol, e terán lugar os mércores de 16.30 a 17.30 horas e durarán todo o resto de curso.

Tanto os máis pequenos como os máis maiores poderán participar.

O alumnado do CEIP de Samos levou a cabo unha actividade manual na que María Quiroga lles transmitiu

o seu coñecemento sobre o arte mineral. Quiroga aprendeu esta técnica que de Antonio Bello, tamén coñecido como O Alquimista, cuxas obras se poden visitar na súa casa en Lousada (Samos). Alí, pódese desfrutar dunha galería na que expón os seus cadros feitos a man e con mi-



nerais. Grazas a esta actividade, os nenos e nenas de Samos coñeceron esta técnica e un pouco da historia do Alquimista que vive preto deles.



CARNICERÍA
Noda




TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052



DANIEL LAMAS
ELECTRICIDAD

ELECTRICISTA COMARCA DE SARRIA

- Videoporteros
- Cortes de luz
- Averías eléctricas
- Cuadros eléctricos
- Antenas de televisión

- Reforma de locales comerciales y viviendas
- PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

Boletines / Instalador autorizado

Láncara
T. 620 560 981
www.electricistaenlugo.com



O primeiro PXOM galego do ano foi aprobado

O Concello do Incio xa ten un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal despois de que a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinara a orde pola que se aproba o PXOM. O Incio xa contaba cun PXOM adaptado á normativa urbanística vixente, que fora aprobado no ano 2005, pero, segundo dixo a conselleira, “era necesario revisalo e actualizalo para facer unha análise máis completa de todos os aspectos que inciden na ordenación”.

NECESIDADES DO CONCELLO. Así, logo de facer fincapé en que se trata do primeiro PXOM aprobado

en 2023, Ángeles Vázquez explicou que foron varias as necesidades que impulsaron esta actualización, como a regularización da ordenación segundo o parcelario e a revisión do límite municipal. Ademais, tamén foi necesario definir un modelo de asentamento da poboación que responda á realidade territorial. E, en materia de patrimonio, incorporáronse os túmulos en Serra de Arriba e Seixas, logo de ser atopados neste último período. O PXOM aprobado prevé preto de 105.000 metros cadrados para espazos libre e zonas verdes e máis de 28.500 metros cadrados para equipamentos comunitarios.

A Tremeterra será en setembro

O evento Tremeterra, que se vai celebrar este ano no Incio os días 1 e 2 de setembro, xa está organizando as primeiras campañas e iniciativas para que a sociedade coñeza esta iniciativa.

O Tremeterra é un encontro da cultura soundsystem que se celebra na contorna do Encoro de Vilasouto, na localidade de Eirexalba, concello do Incio.

Desde a organización, defenden

que “naceu co obxectivo de impactar no eido local, tratando de crear unha alternativa de ocio para a xente da zona, dinamizando a contorna e facéndoa máis atractiva e activa ás novas xeracións, introducindo propostas culturais que están á vangarda noutras comunidades e países, servindo de impulso económico para o concello a través de colaboracións con entes e negocios locais de O Incio e arredores”.



Trascastro acolle un proxecto piloto de dinamización do rural

En Trascastro estase a desenvolver un proxecto piloto de plan de dinamización do núcleo rural, a cargo da Fundación RIA, fundada polo arquitecto David Chipperfield. Dito plan busca reformar o núcleo rural desta aldea acorde aos seus elementos patrimoniais e culturais.

O conselleiro do Medio Rural, José González, supervisou os traballos de rehabilitación de dous apartamentos turísticos emprazados nunha casa con máis de dous séculos de historia. Desta forma, apuntou o conselleiro, non só se recuperan os terreos agrícolas que rodean a aldea senón que tamén se aposta pola dinamización do seu núcleo rural, contribuíndo así ao desenvolvemento económico e á fixación de poboación na zona.

Estes traballos de reforma foron obxecto dunha axuda da Consellería



do Medio Rural para proxectos de investimentos en actividades non agrícolas. Concretamente, a obra contempla a creación de dous apartamentos turísticos, un que ocupa o nivel superior da casa e que estará composto por recibidor, baño, dormitorio dobre, espazo de salón-comedor-cociña e acceso ao balcón exterior. O segundo dos apartamentos -que ocupa os dous niveis inferio-

res da casa- estará composto por un recibidor, baño, aseo, dous dormitorios dobres, despensa e un espazo cociña-comedor-salón.

Ademais da visita ao núcleo rural, visitaron a gandaría en extensivo con vaca cachena implantada nos terreos que rodean a aldea.

Dita explotación caracterízase pola instalación dun sistema baseado no Internet para a xestión da gandaría.

Un veciño recompila imaxes das escolas rurais dos anos 50

O veciño do Incio, José Luís Gallego, está levando a cabo unha recompilación de imaxes para unha investigación sobre as escolas rurais na comarca de Sarria, en concreto, no Incio.

Desta maneira, vai casa por casa preguntando aos veciños e veciñas se gardan imaxes de cando ían á escola do Incio, sobre todo nos anos 40 e 50.

Daquela, explica, os nenos vestíanse “de domingo” cando aparecía a cámara para ser fotografados coa mestra.

A través desta investigación, quere facer unha base documental sobre como eran as escolas rurais naquela época, que logo poderíase usar para unha exposición fotográfica nalgún dos museos da Rede Museística da



Provincia de Lugo ou na casa dalgún Concello que estivera interesado en expoñelo.

Así, ese fondo documental podería servir, como explica Gallego, “para difundir e divulgar como era a escola da miña época e de anteriores e para que a xente nova aprecie o paso

do tempo”.

Por isto, fai un chamamento aos veciños e veciñas da comarca de Sarria a que lle envíen as súas fotografías escaneadas ou se poñan en contacto con el para poder facer copias desas imaxes. Poden facelo a través do correo laiosagun@gmail.com.

“Ler é un pracer e por iso, un dos obxectivos é transmitilo”

O club de lectura da Asociación de Veciños de Trascastro chámase Os Alfabetos

Cal é o nome da asociación?

É un club de lectura promovido pola Asociación de Veciños de Trascastro e chámase Os Alfabetos.

Por que Alfabetos?

É un nome que, ademais de que soa ben, expresa a idea ou a intención do club, que non é outra que o interese polas letras, a cultura e a lectura. Ademais, en contra do que moitas veces se pode pensar, pon de manifesto que no rural tamén hai persoas con inquiredanzas relacionadas coa cultura.

Como xurdiu a idea?

A idea xestouse unha tarde por parte dun dos compoñentes, pensando en que cousas podíamos facer aquí onde vivimos e que sirvan de unión, encontro, e desfrute ás persoas que gustan da lectura; ademais de compartir o lido con persoas de distintas idades e diversos posicionamentos vitais. Pensamos que formar parte dun club de lectura axuda aos seus participantes a aprender sobre libros, desenvolver habilidades verbais, mellorar a comprensión lectora e compartir coñecementos, sen olvidarnos de que no mundo rural o illamento é cada vez máis grande.

Cando levaron a cabo a idea?

Comezou a súa andaina no mes de xaneiro coa primeira xuntanza no local da asociación, así xa tiñamos onde facer as reunións, e con seis compoñentes; pero neste momento xa somos dezaseis.

De que forma a levaron a cabo?

Pois comezamos facendo un grupo de WhatsApp onde nos íamos apuntando e deixando información e mesmo libros en formato pdf. E a partir de aí comezou a andaina.

Onde se desenvolve o servizo?

Desenvólvese no local da Asociación



de Veciños de Trascastro, A Casilla.

Que actividades fan?

Dende a asociación organizamos o club de lectura sen data concreta, poñémonos de acordo por WhatsApp, e tamén facemos o magosto.

Con que frecuencia se xuntan?

O club de lectura ten unha frecuencia mensual.

A quen está dirixido?

Este club está dirixido a todas aquelas persoas que sentan a necesidade de xuntarse e compartir esas inquiredanzas. O rango de idade é de a partir de 18 anos ou polo menos coa capacidade para ler libros de adultos. Pero temos máis ben xente adulta porque coincide que a xente máis maior ten máis ganas de facelo.

Que obxectivos comparten?

O noso obxectivo principal é o de compartir emocións e sentimentos e desenvolver as habilidades lectoras dos membros. Ler é un pracer compartido, por iso, un dos obxectivos dun club coma este é transmitir aos seus participantes o pracer da lectura. A flexibilidade e a apertura de ideas, dar oportunidade a que todos compartan as súas ideas, compartir a afección pola lectura e difundirla para que chegue a máis

xente. Deste xeito, non só desenvolveremos a capacidade lectora das persoas da nosa comunidade, senón que crearemos espazos onde os lectores poidan gozar e aprender a través dos libros. Que o rural teña espazos de encontro para os seus habitantes e así dinamizalo na medida do posible.

Quen forma parte deste proxecto?

Neste proxecto poden participar todas aquelas persoas que comparten os nosos obxectivos e teñan certas inquiredanzas lectoras.

Como é a convivencia cos veciños, apúntanse ás actividades?

Estamos moi ben acollidos polos veciños e polo alcalde do Incio temos apoios institucionais. O alcalde está colaborando en todo o que pode no local, que é do Concello e se necesitamos bibliotecas contamos co seu apoio. Os veciños dinnos que a idea é moi bonita.

Que proxectos de futuro teñen?

A idea do club é que siga avanzando e facer algunhas xornadas de concienciación para a limpeza da contorna e xuntarnos con outros colectivos como Xeitosas. Queremos facer unha obra de teatro, traer algún poeta que nos faga algunha lectura.

Val do Mao organiza un Campionato de Tute

O Campionato de Tute – Val do Mao 2023 terá lugar os vindeiros 21 e 22 de abril no campo da festa do Concello do Incio.

Este evento, organizado pola Comisión de Festas de Val do Mao, cita cuxa data adoita ser en maio, celebrarase nun local climatizado para que as previsións metereolóxicas non dificulten esta actividade.

Así, as persoas interesadas en participar terán que inscribirse a través dos números de Diego (639 677 955), Rubén (629 517 280), Manu (626 351 018) e Toirán (669 625 218).



Ese día haberá polvo a partir das 21.00 horas e os premios constarán de trofeos e lotes de produtos típicos da zona.

Laura Celeiro repite como alcaldable polo PSOE

Laura Celeiro repite como candidata dos socialistas ás eleccións municipais no Concello do Incio, onde xa foi alcaldesa desde 2011 ata 2019.

Celeiro criticou de Héctor Corujo, o actual rexedor do Incio, que “non podemos vivir nun concello que é incapaz de resolver os problemas diarios da veciñanza”, dixo Celeiro.

A candidata socialista subliña que se presenta á Alcaldía “dende a responsabilidade que require este posto, pero tamén con moitas ganas de impulsar proxectos e iniciativas que re-

dundan en toda a veciñanza da vila, sen excepción”. Así, defendeu que quere gobernar “para presidir un novo goberno municipal que coloque aos veciños como protagonistas da vida política”, porque di que o goberno do PP “dá as costas á veciñanza e está alonxado das parroquias”.

O Secretario Xeral na provincia, José Tomé Roca, subliñou que “Celeiro é unha muller capacitada e preparada e que está disposta a traballar polo futuro dos seus veciños, con seriedade e firmeza”, incidiu.

Os xoves de abril e maio impartiranse talleres de teatro

O Concello do Incio organiza talleres de teatro todos os xoves de abril e maio para as persoas interesadas nesta actividade.

Así, para apuntarse haberá que ir ata o edificio do Concello, onde

se impartirá o obradoiro, concretamente no multiusos, e pagar un total de cinco euros por mes.

As clases comezarán ás 21.15 horas e terán unha duración dunha hora, aproximadamente.



SE VENDE
MOLINO - VIVIENDA
(En Sarria)

470.000 €

IDEAL PARA
VIVIENDA O NEGOCIO




- Molino centenario en un entorno privilegiado
- A 10 minutos andando del centro urbano
- Espacio natural protegido
- 420 m² + 6.000 m² fincas

¿BUSCA MONTAR UN NEGOCIO...? HABLEMOS

Tlf: 604 020 280



FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.



AEROTERMIA

SUELO RADIANTE

BIOMASA

INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

Unha vaca tallada de Álvaro de la Vega adorna a Facultade de Veterinaria



Álvaro de la Vega, artista recoñecido de Paradela, cedeu á Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela, unha vaca tallada en madeira de plátano.

Logo de varios meses de traballo, de la Vega manifestou a súa satisfacción por poder expoñer esta peza na Facultade de Veterinaria, "un escenario ideal", dixo, para logo engadir que a súa vontade é a de que deixen esta creación en depósito na sede universitaria luguesa, "o primeiro enclave universitario no que se pode contemplar a miña obra".

A instalación da peza 'Atavismo' no vestíbulo da Facultade de Veterinaria da USC espertou o interese doutros artistas por utilizar este emprazamento como lugar de exposición das súas obras, tal e como se puxo de manifesto no proceso de montaxe desta talla, que está estruturada en tres grandes bloques de madeira tallada, indicou de la Vega.

A TALLA DA VACA. O simbolismo

desta talla, unha escultura de grandes dimensións (220 x 160 x 105 cm) recrea case a tamaño real un dos animais máis representativos da sociedade luguesa e galega. Deulle o nome de 'Atavismo' para manter viva a chama do medio rural e a fonda pegada deixada durante séculos polos seus habitantes, na súa maior parte, labregos e gandeiros.

Álvaro de la Vega potencia así o atavismo desta talla, unha figura animal que reproduce a fisonomía dunha vaca de raza de rubia galega, coa inclusión de copias dalgunhas das primeiras representacións artísticas deste animal. Unha das singularidades desta obra, explica De la Vega é precisamente "a inclusión de copias de debuxos e pinturas de vacas na arte rupestre".

Algunhas destas representacións, engade, "xa aparecen nas Covas de Altamira, mentres que outras imaxes tamén foran antes identificadas en xacementos artísticos localizados no Mediterráneo e do Sur de Francia".

O Concello paradelés humanizará a praza pública de Pacios

O Concello de Paradela acordou coa Xunta destinar máis de 256.000 euros á humanización da praza pública de Pacios, segundo recolle o convenio asinado pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde da localidade luguesa, José Manuel Mato.

Esta actuación, cun prazo de execución de 4 meses, acometerase ao abeiro do plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego en 2010 co fin de axudar ás administracións locais a financiar este tipo de proxectos municipais que inciden de forma positiva na calidade de vida da veciñanza. Deste xeito, a Xunta financiará o 70% da obra e o Concello asumirá o 30% restante.

CASO DE PARADELA. Neste caso



concreto, levarase a cabo unha intervención para mellorar a praza localizada diante da antiga casa do concello, un espazo con escaso equipamento urbano e fortemente delimitado polos pechos das propiedades privadas.

Así, a obra consistirá na pavimentación do solo con pedra, na repa-

ración de sumidoiros e a incorporación de alumado e mobiliario urbano, como bancos de pedra e papeleiras.

Durante a sinatura deste convenio, a conselleira felicitou ao alcalde da localidade pola súa aposta en favor do fermosismo e o benestar da veciñanza.

Remataron os actos polo Bicentenario

O Concello de Paradela celebrou o Bicentenario con diversas iniciativas de interese, como exposicións, conferencias, concertos ou a colocación dunha escultura en homenaxe aos cabaleiros da Orde de Santiago, entre outras actividades.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou nos actos e felicitou á veciñanza polo seu traballo en memoria de Paradela e da súa historia e destacou que facer grande o sitio no que se naceu e onde viven os pais é "facer grande Galicia".



Rueda recoñeceu o desvelo dos habitantes de Paradela por recuperar o seu pasado -con iniciativas como a exposición Do tempo

de luces-, reivindicar o seu presente -con actividades como A Paradela dos máis novos- e sementar o seu futuro.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Polig. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

DEPUTACIÓN

Os concellos destinan 16 millóns a obras, 3,7 a emprego e 3,4 ao SAF

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou este martes por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial.

O Goberno provincial sacou adiante deste xeito a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta case 25M€ de fondos públicos no tecido social e económico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que ascenden en total a máis de 3M€.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que, por terceiro ano consecutivo, a Deputación aprobou as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vixencia, e a relación de actuacións no primeiro trimestre do ano, "o que lle permite aos concellos, tanto planificar as accións municipais con maior antelación, como traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos e son máis áxiles".

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

A voceira socialista do Goberno, Pilar



García Porto, asegurou que con este instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia con criterios públicos e obxectivos, e botou en falta que ningunha outra administración teña un mecanismo semellante para esta provincia.

Así mesmo, recalcou que o Plan Único da Deputación "é fundamental para que os concellos, sobre todo os máis pequenos, poidan prestar os servizos máis básicos ós seus veciños".

García Porto asegurou que o Goberno provincial se comprometeu ao principio do mandato a incrementar ata o 25% a contía do Plan Único sobre o importe destinado no 2019, "sempre e cando quedase recursos liberados das transferencias á Xunta das competencias impropias que asume a Deputación como as residencias, por exemplo". Afirmou que a Xunta non asumiu ningunha desas competencias que vén asumindo a Deputación e que tampouco creou

ningunha residencia de maiores pública neste tempo, o que imposibilitou subir as contías máis porque os recursos son limitados.

As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 16M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 330 obras e subministracións-, seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7M€, cos que crearán 317 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,4M€ para atender a máis de 2.000 persoas. Os concellos dispoñen de prazo máximo para executar as accións que contemplan no Plan Único ata o 31 de outubro de 2024 e para xustificar, o 15 de novembro do vindeiro ano.

A deputada detallou que este programa de investimentos supuxo un investimento total de 85,3M€ neste mandato, entre o ano 2019 e este 2023, para acometer 1.500 obras e formalizar máis de 1.200 contratos de traballo.



1.800 viaxeiros abren de novo o programa Coñece a túa provincia

Arrancou a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. Esta tempada, que se repartirá en dúas quendas, a primeira foi en marzo e ata o 16 de xuño e a segunda en outono, mantéñense as 37 rutas. En total, na primeira quenda desta edición, participan preto de 1.800 viaxeiros de 80 entidades da provincia.

A deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto,

e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, foron os encargados de dar a benvinda aos primeiros participantes: a Asociación de Veciños de Cumbraos, de Monterroso, e a Asociación de Viúvas Julia Minguillón, de Lugo. Os ulloáns visitaron o Pazo de San Marcos e achegáronse á comarca de Sarria, mentes que o colectivo lucense coñeceu a Produtora de Audiovisuais e o patrimonio de Lourenzán e Mondoñedo.

Acordo con Adega polo patrimonio rural

Medio Rural e Adega lanzan o proxecto Patrimonio Rural. Custodiando o noso legado máis singular, co que desenvolverán, ao longo do ano, diferentes actividades encamiñadas á defensa, divulgación, custodia, restauración e conservación do patrimonio cultural e ambiental en entornos rurais.

Os valados de pedra seca tradicionais -técnica declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco- e elementos do megalitismo como

mámoas, dolmes ou petróglifos centrarán as accións a desenvolver no marco deste proxecto, reforzando o traballo que Adega ten realizado neste eido con acordos de custodia con titulares de terras en distintos concellos e comarcas.

Nese senso, o proxecto afonda nunha liña de traballo que é común a todos os programas que desenvolven desde Medio Rural, desde o as visitas escolares Da Escola á Granxa ata o que non arde.

C/. RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864
electronova@mun-do-r.com

ELECTRONOVA
ILUMINACIÓN - ELECTRODOMÉSTICOS

VEN A CONOCER
NUESTRAS
OFERTAS

¡TE SORPRENDEREMOS!

MONTAJE DE MUEBLES

Lito
MUDANZAS

PINTAMOS TU CASA

Traslado y montaje de muebles en toda Galicia

Lito

IKEA

602417542

COLABORACIÓN

Unha catedral no mar

CULTURA



Rebeca Maseda

Pasear por Barcelona sempre é unha delicia pero, como adoita acontecer, todas e todos temos as nosas preferencias. Lugares ou espazos que, polas razóns máis aleatorias e curiosas, adoramos especialmente. Pois ben,

eu sinto auténtica fascinación por El Gòtic e El Born, dous barrios da Cidade Condal que non deixan indiferente a ninguén. Historia, arquitectura, patrimonio, pedra, prazas, tendas únicas, locais con encanto, “xente de aquí e de acolá” como diría Cunqueiro... En resumo, puntos vermellos en calquera caderno de viaxes ou en termos modernos, corazóns a engadir na nosa lista de “favoritos” en Google Maps.

Adentrarse no Born é unha especie de “regreso ao pasado”, é mergullarse na historia antiga da Cidade pero, ao mesmo tempo, é un espazo para a vangarda. Conxunción marabillosa. Xusto estiven por alí hai unhas poucas semanas e volvíñ desfrutar desa sensación de tempo suspendido mesturado co ritmo frenético do día a día. Lembro perfectamente a primeira vez que me perdín na beleza das súas rúas estreitas e as súas canellas coroadas con arcos empedrados, así foi como descubrín “Santa María del Mar”, e desde entón, non perdo ocasión de visitala. Non sei como explicalo pero é un lugar que me produce unha fascinación única, épica pero sinxela, inmensa pero acolledora. Así é esta xoia do gótico catalán coñecida como a “Catedral de la Ribera” ou a “Catedral del Mar” como na novela do escritor Ildefonso Falcones.

A basílica comezou a construírse no ano 1.329, unha época en que a cidade de Barcelona se converteu nunha das principais potencias do Mediterráneo grazas á expansión marítima da Coroa de Aragón. Mentres no veciño barrio da Catedral atopábase o centro eclesiástico e político, no barrio da Ribera -chamado así pola súa proximidade ao mar- concentrábase boa parte da poboación vinculada á actividade portuaria: desde mariñeiros e pescadores, pasando polos mercaderes que se enriqueceron grazas ao comercio marítimo ata os gremios máis diversos que aínda hoxe podemos evocar a través dos nomes das rúas da contorna do templo.

Santa María del Mar foi construída en tan só 54 anos, un



tempo récord tendo en conta que habitualmente este tipo de edificacións adoitaban necesitar máis de 100 anos para finalizarse. A rapidez na súa construción e a beleza da súa arquitectura gótica pon de manifesto o esforzo colectivo e a determinación que a fixeron posible. O rei Pedro III “o Cerimonioso” e outros pro homes do barrio impulsaron as obras achegando grandes doazóns, mentres que gremios e obreiros como “bastaixos”, carpinteiros ou vidreiros contribuíron coa súa man de obra a erixir un dos símbolos de Barcelona.

Moitas das vidreiras de Santa María del Mar sucumbiron ao

incendio de 1936, pero outras, como a do Xuízo Final (1474) ou a de Pentecoste e a Santa Cea (1711) sobreviviron ata a actualidade. Unha das máis destacadas é o rosetón da fachada principal, que se derrubou co terremoto de 1428 e se recuperou en 1460.

Sempre que penso nesta maravilla arquitectónica soa na miña cabeza unha música que tamén me fascina: “Nocturnes” do compositor francés C. Debussy (1862 – 1918) e particularmente o seu último movemento, “Sirènes”. Debussy escribiu unha nota introdutoria aos Nocturnes, onde indicaba que o título “Nocturnes” debe interpretarse nun sentido decorativo. Non debe entenderse como referencia á habitual forma de nocturno, senón máis ben ás diversas impresións e aos efectos especiais de luz que suxire o termo. “Sirènes” representa o mar e o seu inextinguible movemento; sobre as ondas, nas que tremeloce a luz da lúa, escóitase o misterioso canto das sereas, rindo ao seu paso...).

Por favor, escoitade a peza en cuestión. Nin querendo podería ser máis evocadora, grazas señor Debussy.

O RECUNCHO DE CANELINA



ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

STIHL

OFERTAS OTOÑO 2022

EL OTOÑO EMPIEZA CON STIHL

LA GAMA MÁS COMPLETA Y EL MEJOR SERVICIO

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202

A interculturalidade na educación

O PUPITRE



Julio Díaz

O concepto de interculturalidade é a peza clave para posicionarse de maneira rotunda nunha defensa dos dereitos humanos como universais e da igualdade por riba das diferenzas. A interculturalidade non pode admitir xamais asimetría algunha. Hai moitas -económicas, sociais, políticas... - e todas elas deben ser combatidas. Pero a nós, como educadores, correspóndenos directamente combater as propiamente educativas, que tamén existen. O sistema

educativo debe ser adaptativo e transformador, considerando as diversas realidades económicas e socioculturais, nun marco de interacción comunicativa. Debemos partir do axioma fundamental de que non existen culturas mellores nin peores. A natureza é moi diversa e non hai cousa máis xenuína no ser humano que a súa diversidade. A escola do Século XXI, debe saber que as persoas que a integran son moi diversas á hora de adquirir ou xerar coñecemento e isto é así porque teñen diferenzas cognitivas, afectivas e sociais, ademais doutras de xénero, étnicas ou culturais. Compartir e aceptar esta realidade implica un proxecto que non se refire a rapazas/rapaces hipotéticas/

os, senón a un proxecto comprensivo, único e diverso que permita novas formas de sociabilidade e cuxo epicentro sexa a diversidade e non a uniformidade. Na aceptación dunha nova sociedade pluricultural, é preciso recoñecer a importancia da educación á hora de ofrecer unhas respostas adecuadas ás distintas necesidades sociais. Por iso, a educación na diversidade non debe ser fonte de enfrontamento, senón un compoñente máis que enriqueza a nosa cultura. O feito de que os nosos alumnos procedan de culturas diferentes, lonxe de supor un problema, debemos expolo como unha excelente oportunidade para educalos en valores máis diversos.

Nós, os docentes, temos a función de mediar con eficacia no diálogo entre culturas, o que nos leva a intentar acadar que as/os nosas/os alumnas/os recoñezan e acepten a diferenza cos outros como un valor, considerando esta, como unha diversidade enriquecedora e non como unha desigualdade. Debemos difundir unha cultura de conciliación, o que esixe reclamacións sociais entre persoas de igual a igual, que sempre se producirán polo recoñecemento mutuo e nunca polo poder dominante dunha raza, cultura ou sexo. Tamén debemos ser capaces de concretar nas/nos nosas/os alumnas/os a capacidade de buscar sempre solucións negociables, intentan-

do descubrir os valores do outro, destacando sempre o que nos une máis que o que nos separa, de maneira que se chegue a puntos de encontro. Gustaríame rematar esta reflexión citando unha recomendación do Consello de Europa: "Unha pedagogía intercultural non é xustaposición de materias culturais, nin unha amalgama das mesmas. O obxectivo que se persigue é un enriquecemento e comprensión mutuas a través da aprendizaxe baseadas sobre o fondo cultural de cada un, a fin de que se respecte a cultura de cada quen, se valore aos ollos dos demais, e que a práctica se apoie sobre unha realidade cultural en vez de negala".

O poder do campo holandés

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Recentemente celebráronse eleccións locais e rexionais en Holanda, e a sorpresa veu dada polo magnífico resultado dunha organización política denominada Movimento Campesiño Cidadán. Este país é un dos máis avanzados da Europa Comunitaria e actualmente denomínase Países Baixos, nome que ven motivado porque case un tercio do seu territorio se atopa por debaixo do nivel do mar. Unha grande obra de enxeñería, coa construción de barreiras e diques, impide que o océano devore campos e localidades, existindo vida e produción, agraria e industrial, nese terreo que foi conquistado á Natureza. Se algún viaxa ao longo desta nación, que é unha monarquía parlamentaria, descubrirá zonas rurais con



cantidade de granxas de vacún -de leite e de carne-, de ovellas e cochos, así como extensas fincas cultivadas de flores. Chama a atención o verde dos prados, incluso no verán, que adoitan estar rodeados de canais de auga por todas partes e que amosan unha cor verde constantemente. Sen ningún xénero de dúbidas, Holanda é un dos estados máis puxantes no noso entorno e as súas xentes amosaron sempre un carácter emprendedor. Os indicadores están aí; o desemprego, inferior ao cinco por cento e a renda per cá-

pita é o dobre da que temos nos outros aquí en Galicia. Por certo, a emigración galaica tamén tivo neste país un dos seus destinos. Voltando a esas eleccións locais, cómpre analizar as causas dese resultado obtido polo citado Movimento Campesiño Cidadán, que está a ser capitaneado por unha xornalista. Esta forza emerxeu de súpeto grazas en parte a un malestar xeral de agricultores e gandeiros -os cales apenas representan o dous por cento da poboación activa- ás medidas que se están a impoñer desde o

gobierno central para mellorar as condicións medioambientais. Esas normas afectan de cheo ás explotacións holandesas, xa que esa normativa que se pretende implantar levaríase por diante tres de cada dez granxas lácteas e porcinas, ao non ser capaces de adaptarse aos obxectivos de redución das emisións de CO2 que se pretenden. As protestas de labregos e gandeiros agudizáronse nos últimos tres anos, con tractoradas e marchas multitudinarias, poñendo contra as cordas ao mesmo goberno, ata o punto de ter un partido político propio que ven de obter un espectacular resultado nas urnas. A voz do campo holandés escoitarase con máis forza que nunca a partir de

agora e non lles quedará máis remedio aos dirixentes do país que consensuar esas decisións que se estaban a tomar desde os despachos. A democracia ten estas cousas; o descontento dun sector como o agrario e gandeiro, que produce alimentos para consumo dos seus compatriotas e que exporta ao exterior, manifestouse nunhas votacións. Quere seguir producindo, creando riqueza e dándolle de comer á poboación. Por suposto que os problemas co medio ambiente están aí e máis nunha zona moi sensible polas súas especiais características. Pero a súa protección debe compatibilizarse co dereito a seguir coa actividade.

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

DEPORTES

Chegamos ao decisivo

Por Adrián Fernández

Rematamos o mes de marzo con moi bós resultados e chegando á parte decisiva da tempada con varios equipos loitando polo campionato.

Coma sempre comezamos o resumo coa categoría Premini, na masculina os dous equipos conseguiron manterse no grupo no que estaban pero mentres o Corbar Sarria gañaba en Ribadeo no grupo A o María T. Martínez dental non era quen de gañar en Lugo ao Rosalía de Castro; na feminina o fisioterapia Ivonne Castro rematou a liga no primeiro posto invicta e deixou o pase a final case sentenciado ao gañar na ida das semifinais ao Ensino blanco por 4-43 mentres que o Cementos Cosmos rematou 5ª con 5-7 en non xogará as eliminatorias polo campionato.

Na 1ª División de Minibasket o equipo masculino non comezou ben a segunda fase e segue sen gañar e queda cun balance de 0-4 empatado na última posición do grupo co Obradoiro mentres que o equipo feminino atópase no terceiro posto con 2 vitorias e 2 derrotas.

A partir de aquí melloran os resultados xa que o Pre-Infantil feminino alcanza a primeira praza do grupo na segunda fase despois de gañar os tres partidos que xogaron e o Infantil masculino conseguiu meterse na final da 2ª división contra Estudiantes despois de gañar ao

Maristas os dous encontros das semifinais por 46-72 en Lugo e 70-60 na casa.

En cadete están na mesma situación, os dous equipos pelexaron polo título da 2ª división, o masculino xogará contra Burela despois de gañar a Estudiantes (57-54 en Sarria e 47-58 en Lugo) e o feminino despois de gañar con facilidade ao Ensino, 28-64 en Lugo e 79-58 no Chanto, xogará contra Cidade de Lugo unha final moi axustada xa que ambos equipos empataron na taboa despois de gañar cada un o seu partido na casa durante a liga regular.

En Júnior masculino rematou a liga 4º con 8 vitorias e 6 derrotas e non conseguiu meterse na fase final, agora toca xogar a Copa Premium na que está a espera de saber o seu rival mentres, na 1ª división feminina as chicas melloraron o seu rendemento e conseguiron dúas vitorias que as afastaron da última praza deixando así ao Maristas Co-ruña colistas.

Por último, a categoría Sénior onde o Sarria masculino pasou á segunda fase pero non comezou de todo ben xa que so conseguiu gañar un dos tres partidos que xogou o que os deixa na 3ª praza do grupo con 1-2; pola súa contra o Sarria feminino gañou os catro partidos de marzo e sube a 4ª praza a falta de dúas xornadas.

O Club de Baloncesto Sarria presentou todos os equipos



O Club de Baloncesto de Sarria tivo a presentación oficial da tempada 22-23, á que acudiu moita xente, que gozou con dous partidos previos ao acto, que supuxo o broche final.

Así, neste acto final presentáronse catorce equipos en competición federada e dez na liga Babybasket. Tamén se presentaron catro equipos premini, dous femininos (Fisioterapia Ivonne Castro e Cemento Cosmos) e dous masculinos (Corbar Maquinaria e M. Teresa Martínez Dental). Por outra parte, en categoría alevín, presentouse un equipo feminino, Autovalfer, e outro masculino, Oribio Construcións.

De preinfantil feminino estivo presente Casa Barbadelo e infantil masculino Cemento Cosmos.

En Cadete feminino, apareceu Saneamentos Sarria e en masculino Oral Design.

En categoría junior feminina, os equipos que acudiron foron Castro Agrasar e en masculino MGR.

Xa en sénior feminino, o CB Sarria conta coa Florería Madeira e no masculino a MGR.

Con respecto aos colexios, hai dez equipos que forman parte dos centros educativos Frei Luís de Granada, A Asunción, La Merced, do Oural, do Incio e Escola Infantil Xela Arias.

Como éxito, cabe destacar que dos catorce equipos federados, catro están en Liga Galega.

Dúas xogadoras convocadas para o campionato de España

Dúas xogadoras do equipo de baloncesto CB Sarria están convocadas pola Selección Galega de Baloncesto para xogar o campionato de España de Seleccións.

O campionato de España de Minibasket, no que participan María Parga López e María Grandas López, da categoría Mini; celebrarase en Salou e Tarragona. Nel participarán 19 seleccións autonómicas.

As xogadoras pertencen á xeración do ano 2011 e as dúas cursan estudos de sexto de primaria e ámbalas dúas son as primeiras alumnas do colexio Frei Luís de Granada de Sarria e do colexio La Merced en ser convocadas para unha selección autonómica de baloncesto. As dúas xogadoras levan un ano preparándose para ser seleccionadas cun "intenso traballo e numerosos desprazamentos para realizar programas de tecnificación coas demais nenas de toda a comunidade", explica o pai dunha delas.



Tamén, destacan o traballo realizado polos seus adestradores desde os inicios da súa andaina deportiva tanto da súa actual adestradora Maisa López como de José Manuel López Cabana, "que é un de grandes impulsores do baloncesto base en Sarria", argumenta o proxenitor. As dúas nenas están a xogar co club en primeira división autonómica tanto en Minibasket como Preinfantil.



Vazquez Autos



Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com



Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

📍 Avda de Castilla, 19 - Trilacastela
📞 617 403 579

PINTOR



PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

**PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936**

**HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES**

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

Sarria Bikers organiza a súa primeira concentración

Sarria Bikers organiza a súa primeira concentración de motos os días 12, 13 e 14 de maio con dúas rutas. Ademais, estes días haberá bolsa de benvinda, concertos e sorteos. Por outra parte, organizan unha pinchada o venres, unha cea o sábado e unha comida o domingo. Con esta actividade queren presentarse á poboación e que una máis xente.

Volve a Samos o Torneo Fútbol Sala

O club local samoense organiza a XX edición do seu tradicional campionato

Volve a Samos o Torneo Fútbol Sala Samos na súa XXX edición organizado polo equipo de fútbol sala Samos F.S. Este evento terá lugar os vindeiros 6, 7, 8 e 9 de abril e estará patrocinado polo Concello de Samos e pola Deputación de Lugo.

En canto aos premios, o primeiro equipo gañador levarase 1.000 euros e un trofeo, o segundo será premiado con 500 euros e un trofeo, o terceiro conseguirá 250 euros e un trofeo, o cuarto 150 puntos e un trofeo, e o mellor equipo do Concello de Samos 150 euros e un trofeo.

EQUIPOS. Os equipos participantes deberán pagar unha cota de participación de 150 euros e enfrontaranse uns contra outros de maneira aleatoria, xa que o sorteo determinará quen se enfronta contra quen.

Estes equipos deben estar formados por un mínimo de seis persoas e un máximo de 12, aínda que, por anos anteriores, o normal é que estean conformados por 10 persoas.

Así, a experiencia doutros torneos é



que “a participación da xente é moi grande”, como defende o segundo adestrador e tesoureiro do club, Óscar López González.

Como recordatorio, Óscar incide en que participan equipos con integrantes que comprenden idades desde os 15 anos ata maiores. Son equipos formados por todas as idades e mixtos, equipos só de rapaces, só de rapazas e mixtos.

Ademais, participan persoas de todos os recunchos de Galicia e de fóra

de Galicia, poden ser equipos de afeccionados ou federados.

HORARIOS. O Torneo Fútbol Sala Samos comezará o xoves, 6 de abril, día no que se dividirán os 24 equipos en 3 grupos de 8 equipos.

Así, tanto o xoves como o venres terán lugar as “liguillas”, como di Óscar, na que xogan “todos contra todos” dentro dos grupos desde as 10.00 da mañá ata as 23.00 da noite.

Desta maneira, o sábado, de 09.00

a 23.00 horas, os dous primeiros de cada grupo pasan a octavos. Despois, enfrontanse en cuartos e semis, que dará o resultado de quen se enfronta o domingo na final. Por último, o domingo terá lugar a gran final ás 18.00 horas.

TRINTA ANIVERSARIO. Este ano, esta iniciativa cumpre trinta anos, tendo en conta que leva 3 anos sen celebrarse debido á pandemia da covid.

Por iso, este ano, como nos di Óscar López, están moi motivados e están desexando que chegue esta cita. Así, ademais do torneo, desde o equipo de Fútbol Sala de Samos fixeron camisetas en conmemoración deste aniversario, así como carteis.

Desde o equipo de Fútbol Sala Samos esperan unha grande afluencia de xente, xa que “hai moita afección”. Ao vir equipos de toda Galicia e de fóra, tamén veñen as súas familias e amigos a velos, polo que tamén é un incentivo para Samos este tipo de iniciativas do deporte.

A VI Carreira da Muller de Sarria aprázase para o vindeiro 22 de abril

VIVAS E IGUAIS

A Concellería de Deportes do Concello de Sarria aprazou a data da celebración da VI Carreira da Muller Vivas e Iguais debido á previsión de fortes choivas.

Tanto a carreira como o concerto terán lugar o vindeiro 22 de abril e desde o goberno local piden desculpas polas molestias “que este cambio poida ocasionar, pero pensamos que é a mellor decisión para que esta carreira volva ser unha celebración multitudinaria a prol da igualdade”.

Así, din que non será preciso que os participantes xa inscritos, volvan facelo.

O 30 de abril será a primeira edición do Rally de Regularidad Vila de Sarria

O vindeiro domingo 30 de abril será a primeira edición do Rally de Regularidad Vila de Sarria 2023, organizado polo Club Clásicos Sarria.

Nas súas redes sociais xa adiantaron varias novidades: haberá control localización GPS, contará con tramos de mañá e tarde, incluírá almorzo, café de media mañá e comida e haberá recordos para todos os participantes e entrega de trofeos.

A SD Sarriana conseguiu subir a Primeira Galicia Xuvenil

A Sarriana acadou o ascenso co seu equipo xuvenil á categoría primeira Galicia Xuvenil. Así o fixeron despois do partido que se celebrou no campo de fútbol das Gándaras este sábado, no que se enfrontaron contra o equipo A Piringalla, co que xa xogaran o partido de ida no seu campo. Ao ganar ese partido de ida por un

2-1, resultoulles máis doado conseguir a vitoria neste partido de volta, no que quedaron empatados a 2-2. Pero iso non lles impediu lograr a vitoria e o ansiado ascenso, despois de corenta anos, á selección Galega.

Desde o Sarriana, Jose, o coordinador do equipo, defende que levan varios anos “cun bo equipo de entre-



nadores tanto en fútbol base como en ancho e o sábado foi un partidazo que demostrou que os nosos mozos teñen nivel”.

Ademais, di, que “veñen boas xeracións de cadetes, de infantís e de fútbol 8, xa que temos formadores que fan moi bo traballo”.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INICIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@sarriaxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 57-2021

DE RUTA EN RUTA

A maxia das parroquias: Chorente

A portada da igrexa presenta un arco de medio punto e capiteis con decoración vexetal

A parroquia de Chorente do municipio de Sarria está ao sur da vila, na Terra de Froián e na cabeceira do río Celeiro, entre os montes Cotarelo e Oural.

Esta parroquia ocupa 6,5 quilómetros cadrados e en 2022 contaba con 371 habitantes, unha boa cantidade de persoas, tendo en conta que a media de cidadáns sempre roldou esas cifras. Así, en 2021 a poboación de Chorente era de 371 persoas tamén, mentres que en 2019 había 363. Houbo mellores momentos, xa que en 1991 había 530 persoas, pero en xeral a media é de 300 persoas vivindo nesta parroquia do sur de Sarria.

Actualmente, como nos conta un veciño, hai unas 33 vivendas e catro explotacións gandeiras en activo.

Ademais, contan cunha asociación de veciños que organiza actividades e convivencias entre os veciños, así como tamén demandan melloras e denuncian situacións que, ao seu parecer, son inxustas para os habitantes

do pobo.

Ao redor de Chorente, o Monte de Cotarelo, de 750 metros de altitude, e o Monte de Oural, de 670 metros, forman a paisaxe que poden ver os veciños desde as súas casas.

Por outra parte, o Rego das Lagas forma a cabeceira do río Celeiro, xunto co Rego de Santigoso e o Rego de Portiño que, unidos, forman a rede hidrográfica de debaixo da Ponte de Amboade que se liga co Rego de Barbadelo que baixa desde Santa Icí.

A IGREXA. A Igrexa de San Xulián de Chorente está localizada no medio da parroquia, con casas de veciños a escasos metros e separada en varias pisadas do seu cemiterio, que se atopa subindo a rúa na que está construída.

Esta igrexa, que pertence ao municipio de Sarria, ten historia desde mediados do século XII, xa que hai un documento da condesa Fronilde, señora do mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, que está datado do ano 1171.

A porta da igrexa de San Xulián de Chorente é de arco de medio punto formado por dúas arquivoltas. A interior abarca un tímpano liso que se apoia en xambas mediante impostas sen decoración; mentres que a exterior é de baquetón e elévase sobre columnas con decoración de aves debuxadas.

A construción do muro está datado no 1766, segundo a inscrición gravada no lintel da porta de acceso, unha capela que se cubre cunha bóveda de cruzaría.



DATOS

Lugares de Chorente: Airexe, Carballo, Ferradal, O Oural, A Quintá, Sanguñedo, Santigoso, Traslodeiro e Vilaverde.

Na parroquia naceu a política do BNG Ana Pontón.

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es